

Unha nova vía de peregrinación: o Camiño do Mar. Estudo do tramo Ribadeo-Viveiro

Xoán Ramón Fernández Pacios
Centro de Interpretación e Información do Camiño Norte

Una nueva vía de peregrinación: el Camino del Mar.
Estudio del tramo Ribadeo-Viveiro

Xoán Ramón Fernández-Pacios
Centro de Interpretación e Información do Camiño Norte

Resumen: En este artículo se recoge brevemente la investigación realizada sobre una nueva vía de peregrinación jacobea llamada Camino del Mar, que saliendo de Ribadeo recorre los ayuntamientos costeros de la provincia de Lugo y A Coruña para enlazar con el trazado oficial del Camino Inglés. Con este trabajo demostramos la existencia de una red hospitalaria junto al citado camino y la presencia continuada de peregrinos desde el siglo XVI hasta finales del XVIII.

Palabras clave: Camino del Mar. Peregrinación. Hospitalidad. Mariña Lucense. Peregrinos.

*A new pilgrims' route: the sea route.
A study of the stage from Ribadeo-Viveiro*

Xoán Ramón Fernández-Pacios
Centro de Interpretación e Información do Camiño Norte

Summary of the text: In this article research into a new St. James route is briefly summarised, the so-called Sea Way, which leaving Ribadeiro passes through the sea towns in the provinces of Lugo and Coruña to meet up with the official English Way. In this work we point out the existence of a network of hospices connected with the aforementioned way and the continued presence of pilgrims from the 16th to the end of the 18th century.

Key Words: The Sea Way. Pilgrimages. Hospices. Mariña Lucense. Pilgrims.

Unha nova vía de peregrinación: o Camiño do Mar. Estudo do tramo Ribadeo–Viveiro

Xoán Ramón Fernández-Pacios

Centro de Interpretación e Información do Camiño Norte

Resumo do texto: neste artigo recóllese brevemente a investigación realizada sobre unha nova vía de peregrinación xacobeá chamada Camiño do Mar, que saíndo de Ribadeo percorre os concellos costeiros da provincia de Lugo e A Coruña para enlazar co trazado oficial do Camiño Inglés. Con este traballo demostramos a existencia dunha rede hospitalaría xunto ao citado camiño e a presenza continuada de peregrinos desde o século XVI ata finais do XVIII.

Palabras clave: Camiño do Mar. Peregrinación. Hospitalidade. Mariña Lucense. Peregrinos.

Cando falamos de camiños de peregrinación tendemos a pensar exclusivamente no Camiño Francés, certamente o máis estudado, dotado de infraestruturas e con maior número de peregrinos, pero existen outros. Actualmente en Galicia hai recoñecidos oito camiños de peregrinación, pero, non son os únicos. As investigacións que actualmente se están a realizar traen consigo a aparición de novas vías de peregrinación. Así acontece con esta que imos presentar agora, o Camiño do Mar, unha ruta xacobeá que dende Ribadeo, e percorrendo tódala costa lucense e coruñesa, chega a Ferrol¹, onde enlaza co trazado do actual Camiño Inglés.

Para que un camiño comercial, de simple tránsito, tanto de viaxeiros como de comerciantes se converta nunha ruta xacobeá debe cumprir tres requisitos indispensables:

¹ Existen varios traballos que tocan o tema dos hospitais costeiros entre os que destacaríamos para o caso de Ribadeo: Lanza Álvarez, Francisco: *Ribadeo Antigo*. Sada. 2001 ou Cal Pardo, Henrique: *Episcopologio Mindoninense*. Salamanca. 2003. Tratan o tema do hospital de San Martiño de Mondoñedo: Fernández López, Jesús: *San Martiño de Mondoñedo. Guía Histórica y artística*. Foz. 1976; San Cristobal Sebastián, Santos: *La antigua catedral de San Martín de Mondoñedo*. Mondoñedo. 1980; Fernández Pacios, Juan R.: *O hospital de peregrinos de San Sebastián*. Revista Bolanda nº 1. Foz. 2003 e *O camiño de Santiago na Mariña Lucense*. Santiago de Compostela. 2004. Nesta obra tamén se tocan os hospitais de Lieiro, Celeiro e Viveiro. Sobre o hospital de Lieiro hai datos na obra de Donapetry Yribarnegaray, Juan: *Historia de Viveiro y su concejo*. Lugo. 1991. O hospital de Celeiro está estudado por Adrán Goás, Carlos: *El Camino de Santiago en la diócesis de Mondoñedo: El hospital de pobres y peregrinos de Santa Ana de Celeiro*. Revista Rudesindus, nº 1. Ourense. 2007. Sobre o tema da hospitalidade en Ortigueira Ramil González, Emilio: *Historia de Ortigueira*. Perillo. 2006. O estudo da hospitalidade en Cedeira queda cuberto coas obras de Usero González, Rafael: *Cedeira en la Historia. El hospital de lazarados y la ermita de la Magdalena*. Estudios Mindonienses, nº 11. Salamanca. 1995 e *Cedeira y su hospital de pobres y peregrinos*. Estudios Mindonienses nº 13. Salamanca. 1997. Sobre o trazado hospitalario costeiro na provincia da Coruña, e xa vinculados ao Camiño Inglés, destacaríamos as seguintes obras: Núñez-Varela y Lendoiro, José R.: *La hospitalidad en el Camino Inglés*. Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Santiago. 1998. Iglesia, Santiago de la: *El hospital de la Caridad del Ferrol*. Ferrol. 1983. Cendán Pazos, Fernando: *El antiguo hospital de Neda: Apuntes para su historia económico-benéfica*. Revista Neda nº 8. Neda. 2005. Núñez-Varela y Lendoiro, José R.: *La hospitalidad en el Camino de Santiago que pasa por Betanzos. La peregrinación del hospital de San Antonio de Betanzos*. Actas del XX Congreso Nacional de cronistas oficiales de España. Córdoba. 1994. Pombo Rodríguez, Antón A.: *Hospitais de peregrinos na cidade da Coruña e no Camiño de Faro*. Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos. Santiago. 1998.

- Primeiro, debe de ter referencias dun camiño histórico, que deberán aparecer na documentación baixo o epígrafe de Camiño Francés, que como sabemos non é sinónimo de Camiño de Santiago, pero si de Camiño Real, asegurando a existencia dun camiño físico cun ancho o dobre que os demais, vixiado e controlado pola xustiza, un camiño, en definitiva, polo que é doado discorrer.
- Segundo, entorno a esta vía debe existir unha infraestrutura benéfico-hospitalaria, que ben pode ser municipal, eclesiástica ou privada, na que o peregrino poda acollerse e curarse.
- Terceiro, debe ser demostrado, documentalmente, o paso de peregrinos ao longo do tempo por esa ruta.

Somos conscientes que o cumprimento destes tres requisitos non significa que a ruta se converta nun camiño de peregrinación primario, pode non deixar de ser nunca unha vía secundaria de peregrinación ou, tal e como acontece no Camiño do Mar, unha vía de unión entre dous camiños xacobeos como son o Norte e o Inglés. En Ribadeo o peregrino podía optar por segui-lo Camiño ata Lourenzá e Mondoñedo, ou seguir pola costa, onde tamén atoparía redes viarias e centros benéficos, tal e como fará Bartolomé Fontana.

O camiño físico. Trazado documental do Camiño do Mar

Para demostrar, documentalmente, a existencia dunha ruta xacobeá debemos buscar referencias a Camiño Francés, por desgraza a inmensa maioría das referencias que temos atopadas datan do século XVI. Somos conscientes que no século XVI o termo Camiño Francés non é sinónimo de camiño de peregrinación, senón máis ben de Camiño Real. Non tódolos camiños do rei ían en dirección a Santiago, por iso entendemos que a aparición dunha referencia a *Camiño Real* non é sinónimo da existencia dun camiño de peregrinación, pero si o é da existencia física dun camiño, máis ancho que os demais, coidado e vixiado. Sabemos que a principios do século XVI na comarca da Mariña Luguesa leváronse a cabo unha importante serie de arranxos nas vías de comunicación e que se fixeron, refixeron, mellor dito, varios Camiños Franceses, “*cerca de las cruces da cadeyra donde esta una peña cabo dela dicha Valiña que fasta la dicha peña hizieron los de Orrea el camino françes quando se mandaron hazer los caminos Reales en todo el Reyno*”². Así nolo contan os veciños de Órrea cando falan do camiño que procedía de Ribadeo e que hoxe en día forma parte do trazado do Camiño Norte.

Neste traballo non imos seguir tódolos camiños que aparecen co epígrafe “francés”, seguiremos un único camiño, o que se denomina na documentación como “*camino françes que va de Ribadeo a la puente de la Espiñeira*”. Hoxe en día hai dúas pontes que

2 A.H.N. Clero secular-regular. Libro 66o2. Lourenzá. Libro 17 (Vol. II) *Apeos de Villatomil, Fórnea, Orrea...*, 1527-1536. Fol. 270 r.

cruzan o Masma na zona da Espiñeira (de 1853 a primeira e de 2005 a segunda), pero ningunha delas é a ponte da que se fala nos documentos. Esta atópase no barrio coñecido como A Espiñeira, concello de Foz, a menos dun quilómetro das actuais pontes. Da ponte histórica sabemos que existía xa no ano 1395, o 23 de marzo dese ano redáctase unha carta de venda “*feyta esta carta enna Marina de San Cosmede, açerca da Ponte da Espineyra*”³. Se ben a primeira referencia documental a este camiño data do ano 1419. Trátase dun foro realizado polo bispo mindoniense don Xil Soutelo (1415-1426) a uns veciños de San Cosme de Barreiros, que reciben o lugar de Escotaxugos, que linda co rego de Escotaxugos “*et da outra parte do carreyro que ven de Ribadeu para a ponte da Espineyra*”⁴. Este camiño procedía de Ribadeo, pasaba pegado ao convento de San Francisco, tal e como vemos nun foro do 2 de xuño de 1344, “*et lle perteeçe por la dita administraçõn en Ribadeu que jas cabo da tapia dos Frades de San Françisco*”, sendo un dos lindes desta finca “*outras duas testadas da dita tapia dos Frades e do caminno et via antiga que sal da dita villa de Ribadeu*”⁵.

Atopamos a seguinte referencia a este camiño no lugar do Vilar, en concreto nunha finca “*do dizen O feal otra pieça de heredad que lebara de sembradura tres celemines de trigo poco mas o menos que testa e linda de la una parte en el Camino real de Vilar que va de Ribadeo para la puente de la Espiñeira... e de la otra parte de arriba en la antigua publica real que va de Ribadeo para Lorenzana*”⁶. A importancia deste documento radica en que nos fala dunha finca, a do Feal, que linda coas dúas grandes rutas viarias, a que vai cara Lourenzá, hoxe trazado oficial do Camiño Norte, e a que vai cara Viveiro e que denominamos Camiño do Mar

Outras referencias documentais a este camiño que estamos a seguir atopámolas na parroquia de Santiago de Reinante, nas fincas denominadas Os Vilares e A Candorca, ambas sitas moi próximas á fonte da *Pereira* e ao regato de Marzán e lindando as dúas “*en la parte del mediodia que es la que mira al camino que viene de Ribadeo*”⁷. Igualmente existe unha presenza deste camiño en San Miguel de Reinante, en concreto nun casal coñecido como Casal de Yte que “*testa por la parte del mediodia con el camino real que viene de Rivadeo para el puente de la Espiñeira*”⁸.

Se continuamos en dirección oeste vemos que na seguinte parroquia, San Cosme de Barreiros, tamén existen varias referencias a este camiño que estamos a seguir e así o terreo que está pegado á Fonte da Cernada ten como lindes, entre outros, “*el camino que viene da Espineira para la ylgesia de San Cosme*”. Outra fonte que aparece en San Cosme

3 Cal Pardo, Henrique: *Tumbos del Archivo de la Catedral. Tombo Pechado*. Lugo. 2006, p. 104.

4 Cal Pardo, Henrique: *Tumbos del Archivo de la Catedral. Tombo Pechado*. Lugo. 2006, p. 228.

5 Cal Pardo, Henrique: *Tumbos del Archivo de la Catedral. Calendarios*. Lugo. 2005, p. 327.

6 A.H.N. Clero secular-regular. Libro 6644. Lourenzá. Libro 16. *Apeos de Cedofeita, Piñeira, Celeiro e Ribadeo*. 1527-1536. Fol. 306 v.

7 A.H.N. Clero secular-regular. Libro 6591. Lourenzá. Libro 73. *Ejecutorias y otros instrumentos sobre los lugares de Santiago y San Miguel de Reynante*. 1737-1738. Fol. 20r.

8 A.H.N. Clero secular-regular. Libro 6591. Lourenzá. Libro 73. *Ejecutorias y otros instrumentos sobre los lugares de Santiago y San Miguel de Reynante*. 1737-1738. Fol. 34 v e 35 r.

é a de Saa “*mas tiene en la dicha Veiga en la parte de arriba en donde dicen a fonte de Saa otra eredad (...) segun testa en el camino franzes que va de la puente da Espiñeira para Rivadeo*”, tamén vemos como a Veiga de Vilabor, que está preto do lugar de Merille “*testa de la parte de abaxo en el Camino franzes que va de la Espiñeira para Rivadeo*”⁹. Outra finca situada xunto a este camiño é a Veiga de Vilaboa, sendo un dos seus lindes “*el camino franzes que ba de Rivadeo para la puente de la espiñeira*”¹⁰.

Despois de cruzala parroquia de San Cosme de Barreiros o camiño continuaba ata a poboación de Celeiro de Mariñaos, se ben podíase aforrar este desprazamento cruzando a ría. Para iso existía unha barca. Dela fálannos as delimitacións parroquiais que se citan no Catastro de Ensenada, por exemplo a de San Xoán de Vilaronte (Foz) “*vine a dar al sitio que llaman Barca de la Espiñeira*”¹¹, ou as de San Cosme de Barreiros, Santa Cristina de Celeiro de Mariñaos e Santiago de Foz, en todas elas faise referencia a esta barca da Espiñeira, que continuou funcionando ata o ano 1853, momento no que se constrúe a ponte da Espiñeira, obra moi solicitada debido á actitude dos barqueiros “*bien informado el Ayuntamiento que los encargados del bareaje del Río Espiñeira, Juan Bao y José Montenegro, olvidándose del cumplimiento de su deber detienen mucho más de lo necesario a los transeúntes particularmente a los que intentan pasar del distrito de Barreiros para este que fastidiados de esperar y vocear por los barqueros prefieren retirarse y hacer el largo rodeo que es indispensable para atravesar sobre el puente de Cillero*”¹².

En Celeiro de Mariñaos existen actualmente dúas pontes polas que cruzalo río Masma, a do Barral e a da Rexa, esta última era empregada, no século XVIII, como molle de carga, tal e como afirma Cornide Saavedra “*es navegable en lanchas hasta más arriba del puente de Cillero de Mariñaos, donde cargan hasta seis ó ocho carros de leña, y poco más arriba de este puente llegan embarcaciones de sesenta y setenta toneladas, y ha habido exemplar de llegar un navío de más de setenta toneladas cargado de madera hasta la barca de la Espiñeira con mareas medianas*”¹³. Son varias as referencias existentes sobre a ponte de Rexa e a súa vinculación co Camiño Francés, así nun documento de 1527 podemos ler “*en el lugar de Rexa dixo... que la dicha casa limita e toca de la una parte en el camyno franzes e de otra parte en vina del dicho Lope douteyro*”¹⁴. Nun documento do ano 1543, falando das casas que había no lugar de Rexa, dísenos “*los citados vienes de las primeras ocho plazas segun se deslindavan desde dicho puerto de Reja, asta dar en el rego de Gande, desde el Camino Franzes, que viene por cavo la yglesia avajo, y hasta dar en el dicho rego de Gande y topar en el*

9 Arquivo da Catedral de Mondoñedo (ACM). Apeo de la Dignidad Episcopal en San Cosme de Barreiros. 1589. Fol. 21 r a primeira referencia, 22 v a segunda e 31r a terceira.

10 Arquivo Diocesano de Mondoñedo (ADM). Libro de Secretaría de Cámara. Nº 1. Apeo de bens da dignidade episcopal. 1596. Fol. 142 r.

11 Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Catastro de Ensenada. Vilaronte. Interrogatorio. Fol. 5.

12 Arquivo Municipal de Foz. Libro de acordos plenarios. 21 novembro 1846. Fol. 87v.

13 Arquivo do Reino de Galicia. Sección: Cornide y Saavedra, José. *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal hecha en el año 1764*. Mazo 2/17. Fol. 4v.

14 A.H.N. Clero secular-regular. Libro 6644. Lourenzá. Libro 16. Apeos de Cedofeita, Piñeira, Celeiro e Ribadeo. 1527-1536. Fol. 170 v.

rio grande”¹⁵. Actualmente o camiño que pasa por debaixo da igrexa de Celeiro de Mariñaos é coñecido como Camiño Real.

Unha vez que cruzámo-la ponte da Rexa percorrémola parroquia de Vilaronte e chegamos a San Martiño de Mondoñedo. A actual Basílica noutro tempo foi un concurrido eixe viario. Tras un detido estudo do apeo de bens de 1540 desta parroquia podemos deseñar un posible trazado dos camiños franceses que a percorrían e así vemos como do mosteiro saen dous trazados viarios, que en varios documentos do século XVI aparecen como Camiño Francés.

O primeiro deles sube ata a ermida do Bispo Santo, lugar ao que concorria grande número de romeiros pola fama de milagreiro que este santo tiña. Nun documento do ano 1704, referíndose a esta masiva concurrencia, varias testemuñas afirman que acode xente da Mariña, de Asturias e tamén comentan a presenza de peregrinos. Domingo Álvarez, veciño de San Martiño de Mondoñedo, de 64 anos, testemuña neste documento, afirma “*que ademas de la devocion que en este obispado se ttiene con dicho Santo concurren deel principado de Asturias y otras partes muchas personas enfermas y achacossas y los que pasan en peregrinacion al Apostol Santiago acuden assi mismo a visitar la ermita de dicho santo*”¹⁶. Dende a citada ermida o camiño discorre ata o lugar da Tilleira dende onde segue por un camiño coñecido, aínda hoxe en día, como o Camiño Vello, ata a ponte de Morgallón, no barrio de Vilarmeia (Fazouro-Foz). Existe unha referencia documental a este camiño do día 28 de agosto de 1458, data na que os cóengos de San Martiño de Mondoñedo aforan a Vasco Rodríguez e a súa dona, veciños de Vilarmeia “*huna cortynna de berdade con sua pumarega que jas enno fondal dela que he da dita suceson et jas enno lugar de Vilarmeia onde dizen a Hermida como se departe da huna parte do camino françes que sal do couto de San Martinno et vay para a ponte de Fazouro et ençima testa enno camino que sal da aldea et vay para o souto*”¹⁷.

O segundo dos camiños que sae do mosteiro de San Martiño de Mondoñedo era o que ía cara a parroquia de Santiago de Foz “*e yba por el camino françes para Porto e que asi se parte de segun va el camino al lugar de Porto se va por el dicho camino françes del Soto de Boymença e se pasa por la oma de la presa del molino dos novees e se va por el camino a Caynzal por el dicho camino e de otra parte para el tarreo de Juan Palmeyro e camino que biene de Villa Cendoy e va para Manente*”¹⁸. Neste lugar de Mañente, atópase o monte coñecido como A Granda, no que o bispado mindoniense posuía unha finca, no ano 1596, que limitaba por un lado coas viñas de Alfonso Gómez e por outro “*en camino françes que va para Ribadeo*”¹⁹, estamos polo tanto a seguir aquel camiño que unía Ribadeo coa ponte da Espiñeira. Ámbolos camiños que saen de San Martiño de Mondoñedo únense na ponte de Fazouro, único lugar posible para poder salva-lo río Ouro.

15 ACM. Apeo de bens de Celeiro de Mariñaos. Arm. 2, Est. 2, Mazo 6, nº 8, fol 3v.

16 A. D. M. Serie Obispos. San Gonzalo. 1704. Declaración Domingo Álvarez, fol. 9v, tamén en Fernández Pacios, Juan Ramón: *San Gonzalo, bispo mindoniense*. Lugo. 2008, p. 77.

17 A.C.M. Tumbo Pechado, fol. 134 r. Tamén en Cal Pardo, H.: *Tumbos de la Catedral. Tumbo pechado*, Lugo. 2006, p. 277.

18 A.C.M. Apeo de San Martiño de Mondoñedo. 1540. Fol. 80 r.

19 A.D.M. Libro de Secretaría. Nº1. Apeo de bens da dignidade episcopal. 1596. Fol. 167 v.

A seguinte parroquia, despois de cruza-la de Fazouro, é San Xiao de Nois. Nela localizamos unha finca denominada como a Veiga de Candín, que linda “*de una parte en el camino franzes que viene de Bivero y ba para Rivadeo*”²⁰. Vemos que se trata do mesmo camiño que estamos a seguir dende Ribadeo. Outra finca situada nesta mesma parroquia é a denominada do Rego que “*testa por la parte de vaxo en el camino real que va de Fazouro para Nois*”, pertencía esta finca a Fernán Díaz de Ribadeneira igual que outra, na mesma parroquia, denominada A Cruz do Barreiro, eran catro xornais de viñas “*testadas en el camino que ba de Cabanas para la dicha yglesia de Nois e de otra parte en el camino franzes que viene de Fazouro e ba para San Pedro de Cangas*”²¹. Nesta parroquia de Cangas localizamos o muíño de Alemparte, que lindaba co “*camino franzes que de Vivero va a Ribadeo*”²².

Algo moi semellante acontece no concello de Burela, nun apeo do ano 1549 atopámonos co “*tarreo que se dize e nonbra da Pena Berdil que testa en el camino franzes que sale de la aldea de Burela y va para Vivero*”²³, exactamente o meso camiño que vimos seguindo dende Ribadeo.

Na parroquia de Cervo atopamos dúas fincas A Chousa da Corredoira e A Chousa da Pena da Arca, que lindan co Camiño Francés, pero en ningunha se fai referencia a onde vai e dende onde ven ese camiño. Igualmente acontece na parroquia de Xove, onde vemos que a finca coñecida como Rego Sangoento e O Pexigo, lindan co Camiño Francés, só na finca coñecida como O Reguengo podemos ver que linda co “*camino franzes que ba para Bivero*”²⁴.

A vila de Viveiro, aparte de ser un dos dous máis importantes portos lucenses, é un importante eixe viario. Tres son as grandes vías que saen da vila do Landro:

- 1.- O Camiño dos Portos de Castela. Dende Viveiro vai cara Mondoñedo, un camiño interior, que tras cruza-la sé episcopal, sube ata Lugo e Castela. Nun documento do ano 1546 é definido este camiño da seguinte maneira “*por el camyno que ba desta ciudad (está a falar de Mondoñedo) para la villa de Vivero y para los puertos de mar junto a San Laçaro atrabiessa y pasa otro rio grande y pasa atrabesando el dicho camyno rreal que viene de los dichos puertos para la dicha ciudad y pasa por los reynos de Castilla y es uno de los camynos mas publicos y nezarios que viene a dicha ciudad y por donde se pasan los arrieros que bienen de los dichos puertos para Castilla con pescados y otros mercaderes con ganados*”²⁵.
- 2.- O Camiño que sube ata Vilalba pola Gañidoira. Para algúns investigadores esta era a ruta xacobeá maiormente empregada, senón a única. Son partidarios desta teoría Juan Donapetry, Elisa Ferreira Priegue, Henrique Fernández Llano ou Luís

20 A.D.M. Libro de Secretaría. Nº 1. Apeo de bens da dignidade episcopal. 1596. Fol. 600 v.

21 Rodríguez Baixeras, Antonio: *Historia de la Casa-Torre y vínculo de Covas, en Nois*. 1569-1800. Apeo de bens de Fernán Díaz de Ribadeneira. 1571. Madrid. 2008, p. 87. Inédito.

22 A.D.M. Libro de Secretaría. Nº 1. Apeo de bens da dignidade episcopal. 1596. Fol. 609 r.

23 A.C.M. Apeo de los frutos decimales del obispado. 1546/49. Arm. 3 nº 12. Fol.152 r.

24 A.D.M. Libro de Secretaría. Nº 1. Apeo de bens da dignidade episcopal. 1596. Fol. 563 v.

25 Fernández Pacios, Juan Ramón: *Hospitalidade e Peregrinación. O Camiño do Norte na Mariña luguesa*. Lugo. 2009, p. 287.

López Pombo, entre outros. Dende Viveiro subiría polo alto da Gañidoira ata Vilalba, onde se une co trazado oficial do Camiño Norte.

- 3.- O Camiño costeiro ata Ortigueira. Deste existen varias referencias nun preito do ano 1585, no que varias testemuñas refírense á vila de Viveiro como “*lugar posadero de romeros y de todos los que van en romería al Señor Santiago y a San Salvador de Oviedo y hacen noche en ella*”, esta declaración pertence a don Xoán López de Andrade, procurador xeral e rexedor da vila de Viveiro. Algo moi semellante informa outra testemuña do citado preito, Xoán da Veiga, veciño de Viveiro, de 40 anos de idade, quen coída que o elevado número de estranxeiros e peregrinos existente na vila débese a “*por ser esta villa lugar grande y cercado en puerto de mar y que esta en camino muy pasaxero asi de las Asturias para el Señor Santiago de este reino*”²⁶. Non será a derradeira vez que podamos ler referencias a Viveiro como eixe viario e así no ano 1687, o rexedor da vila reclama ao Rei a cantidade monetaria necesaria para arranxar a ponte de la Misericordia, alegando “*por ser como era paso real dicha puente para las villas de Ribadeo, ciudades de la Coruña, Lugo y Mondoñedo y para las Asturias y otras partes*”²⁷.

Rematamos en Viveiro o estudo do trazado do Camiño do Mar, pero somos conscientes de que continuaba ata Ortigueira, basta para demostrar isto o que escribe o secretario municipal desta vila no ano 1692 “*esta villa hes cabeza de partido y punto confinando a la mar donde suelen concurrir muchas naciones hestranxeras y de este reino y passo general para romerías al apostol del Señor Santiago y San Andres de Teixido*”²⁸. Este documento confirma a existencia dunha ruta de peregrinación que bordeando a costa norte galega chega ata a vila de Neda onde se une ao coñecido como Camiño Inglés, idea que vén reforzada coa presenza de hospitais en San Clodio, Ortigueira e Cedeira nos que se atenden, entre outros, a peregrinos.

A rede hospitalaria do Camiño do Mar

O segundo dos puntos que temos que demostrar é a existencia dunha rede hospitalaria entornada a este Camiño Francés documental que levamos estudado.

Entre Ribadeo e Cedeira hai, hoxe en día, unha distancia aproximada de 124 quilómetros; no século XVI, tendo en conta a inexistencia de certas pontes actuais, esta distancia podería alcanzar perfectamente os 150 quilómetros. Entre estas dúas poboacións, seguindo o que é o trazado do Camiño do Mar, temos constatado un total de oito hospitais nos que se acollían peregrinos, a este número hai que engadir os

26 Arquivo Reino Galicia. Secc. Figueroa. Serie Hospitales. Mazo 865 e nº 12.

27 Donapetry Iribarnegaray, J.: *Historia de Vivero y su concejo*. Lugo. 1991, p. 185.

28 Breixo Rodríguez, Carlos: *O Camiño de Santiago ao seu paso polas terras do Ortegal*. Pontedeume. 2004, p. 31. Tamén no Arquivo Municipal de Ortigueira. Actas Municipais. 1692, 5 xullo.

lazaretos existentes en tódalas poboacións, destacando os de Ribadeo, Viveiro, Ortigueira e Cedeira; todas estas poboacións, aparte de lazareto, contan cun hospital. A estes oito hospitais habería que engadir os mosteiros, tanto femininos como masculinos, as ermidas con romarías importantes e polo tanto concorridas (O bispo Santo e San Andrés de Teixido, entre outras); as distintas pousadas e mesóns e a beneficencia particular. Son varios os casos de peregrinos que aparecen mortos en casas de persoas particulares, feito que nos fai pensar nun sistema de acollida bastante habitual, pero que non se pode contabilizar debido á inexistencia de fontes documentais. Coma un exemplo extraordinario deste tipo de beneficencia destaca o testamento do cóengo mindoniense don Paulo Nicolás de Pazos Iglesias, outorgado o día 16 marzo 1784. Nel o cóengo estipula que os bens que quedaran trala súa morte deben ser vendidos e cos ingresos fabricar unha casa ao lado da casa de seu cuñado, don Brais Triguero, veciño de Santa María de Mogor (actual O Barqueiro), esta casa tiña como fin servir de hospital de peregrinos e pasaxeiros. En caso de que os bens legados non chegasen para poder erixir un hospital, ordena que se compren fincas e que se agreguen á casa de don Brais Triguero, “*con la carga de hospedar en ella como ya lo hace y hicieron sus antepasados a pobres peregrinos y pasajeros*”²⁹.

Centrámonos soamente no apartado dos hospitais onde se recollen viaxeiros, enfermos, pobres e peregrinos.

1.- Ribadeo. Hospital de San Sebastián

O primeiro que nos chama a atención deste hospital é a súa advocación, San Sebastián, un santo ao que se lle rogaba para evitala peste e que a fins do século XV, principios do XVI é substituído por San Roque. Que o hospital fose dedicado a San Sebastián indícanos claramente que é anterior ao século XV. Suposición ratificada documentalmente nun convenio datado o 5 de outubro de 1343, nel podemos comprobar cales eran os lindes do actual Campo de San Francisco (lugar onde se ubicaban os mosteiros de San Francisco, Santa Clara, a Igrexa Colexiata, a Casa Consistorial e o hospital) e así lemos que “*se determina asy: jas da hua parte antigua del Rey et da outra parte o campo do çimiterio da iglesia da dita villa de Ribadeu et da huna testada herdade que foy do ospital da dita villa et antigua que vay entre ela et a tapia do dito mosteiro et a outra antigua da carcava da dita villa de Ribadeu*”³⁰. Vemos como xa no ano 1343 o hospital de San Sebastián estaba en funcionamento.

Trátase do primeiro dos hospitais que se atopaba, en territorio galego, o peregrino do Camiño do Mar. Este era de propiedade municipal, conservándose hoxe en día os libros de fábrica dende o ano 1579 ata 1834 en que se vende o edificio. Inmediatamente despois se constrúe, preto do lugar onde estaba o anterior, o

29 Fernández Villalba, Isidro: *Mondoñedo regreso al pasado*. Recompilación de artigos de Eduardo Lence Santar. Vol V. Mondoñedo. 2001, pps. 34 e 35.

30 Cal Pardo, Henrique: *Colección diplomática medieval do arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Santiago. 2005, p. 142.

novo hospital de San Sebastián, pero agora carente da vinculación co mundo das peregrinacións.

A época fundacional deste hospital dataríase no momento en que o rei Fernando II traslada a sé episcopal dende Mondoñedo para Ribadeo (1182), se organiza e funda a nova vila de Ribadeo, nun lugar máis alto, de mellor defensa e rodeado por unha muralla. Tendo en conta todo isto resulta moi probable que nese tempo de consolidación urbanística nacesse o hospital de San Sebastián, así coma os dous mosteiros e a igrexa, aínda que non sería estraño que na antiga ubicación de Ribadeo existise un pequeno hospital, tal e como defendía don Francisco Lanza, para quen o hospital de San Sebastián tería a súa orixe nunha hospedería *“para peregrinos y transeúntes pobres que había en Porcillán en el siglo XII, como complemento de la cual se fundara la embarcación benéfica del matrimonio Bela, que evitaba a los yentes y vinientes el rodeo por el lugar de Porto, por donde entraba en Galicia el camino de la mariña”*³¹. Sexa como fose debemos agardar ata o ano 1343 para ver a primeira referencia documental do hospital, tendo que agardar ata o século XVI para atopar novos datos. Trátase, esta vez, do testamento de Don Vasco López de Moscoso (22-II-1531), quen doa ao hospital de San Sebastián de Ribadeo a cantidade de dous reás, *“yten mando a los pobres de San Lazaro de la ciudad de Mondoñedo e Vibero e Ribadeo a cada uno diez maravedís....al ospital de San Sebastyan de Ribadeo dos reales para reparo del”*³². As dimensións da casa do hospital no século XVI eran 22 varas castelás de fronte e 11 de fondo, con dúas cuadras altas, cada unha delas con seis camas. A mediados deste século e nun inventario das propiedades do hospital compróbase que *“tenia 20 camas apercibidas, una vieja y un caldero: llovia dentro y carecia de leña”*³³.

Este centro benéfico estaba destinado ao coidado dos pobres da vila e foráneos, aos transeúntes, no caso concreto de Ribadeo tamén se recollen soldados, a viaxeiros enfermos e tamén peregrinos. Peregrinos famosos, no seu paso por Ribadeo xa os localizamos a fins do XV, co bispo armenio Mártir no 1492; ao señor de Montigny, Antonio de Lalaing, no 1502; Bartolomé Fontana no 1539 ou o médico Jean Pierre Racq no ano 1790, entre outros.

Outra referencia a peregrinos no século XVI é o gasto de 8 reais que fai o concello no ano 1564 *“dados a dos pobres que iban en peregrinación á Santiago y traian testimonio de que moros, se habian convertido de su voluntad á la religión católica”*³⁴.

Era tal o número de pobres que nese ano de 1564 se acubillaban en Ribadeo que o concello prohibe a mendicidade polas rúas, tanto a pobres da vila como forasteiros, sería o consistorio o encargado de recada-las esmolos e despois reparti-las a fin de semana. No ano 1573 a situación seguía a se-la mesma e así o 25 de abril vemos que *“hubo concejo para tomar medidas sobre los muchos pobres y enfermos que había en la villa*

31 Lanza Álvarez, Francisco: *Ribadeo Antíguo*. Sada. 2001, p. 152.

32 A.C.M. Documentos soltos, armario 3, estante 4, Mazo 3, nº 10, fol. 2v.

33 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 35.

34 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 37.

*procedentes de otros pueblos. Mandaron contarlos y echar fuera con algun socorro á los que pudiesen andar, que los enfermos y los niños fuesen socorridos en lo posible, que no se permitiese entrar mas, que se nombrase personas que llevasen a cabo estas medidas y pidiesen limosna para alimentar a los que quedasen, a los cuales se les prohibe pedir por las casas, previniendo a los barqueros que no pasasen ninguno a la villa*³⁵. No ano 1591 temos outra referencia documental de peregrinos dentro do hospital, trátase dun gasto de medio real cun peregrino enfermo. O día 4 de maio de 1623 o bispo frei Rafael Díaz de Cabrera visita o hospital e nos seus mandatos ordena, entre outras cousas, que o hospitaleiro, Miguel Ortiz, manteña a casa do hospital “*con mucha limpieza y curiosidad y que atienda que los peregrinos ni otra ninguna persona duerma con muger alguna sin estar casados*”³⁶. O bispo Zorrilla, nas súas Sinodais de 1618, xa ordenara algo semellante que debían cumprir os administradores dos hospitais “*y en los que son para solamente peregrinos y viandantes, como son todos, ò los mas deste Obispado, no se reciban enfermos para curar, sino con muy urgente causa, y con licencia del cura*”³⁷.

GASTOS CON POBRES S. XVII.

<u>1621</u>	1622	1624/25	1626	<u>1627</u>	1628/31	1632	1633	1634/35	1637	<u>1638</u>	1639
20,5	13	100	100	100	284	928	100	350	31	24	12
1640	1641	1642	1643/45	1646/47	1652	1658	1659	<u>1660</u>	1661	1662	1663
28	476	545	743	125	11	480	500	475	413	425	386

· Os gastos son en reais, en negraña e suliñado van soamente os anos xubilares.

Nas contas do hospital do ano 1643-45 dentro das funcións que ten que levar a cabo a persoa que atenda o centro estipúlase que debe “*acudir a la limpieza de dicho hospital y enfermedad de los pobres que en el se curan y los mas pasaxeros y peregrinos*”³⁸. Algo moi semellante se anota na toma das contas dos 1646-1647 onde ao hospitaleiro se lle paga pola limpeza e por axudar cos “*pobres que se curan y peregrinos y pasajeros*”³⁹.

Na visita pastoral, do 17 de maio de 1707, xirada polo bispo frei Xoán Muñoz y Salcedo dásenos conta dun exemplo de asistencia benéfica a membros da igrexa “*quando algun clerigo sacerdote aconteciere pasar por esta villa assi de ida como de buelta en Romeria al Apostol Santiago, qualquiera de los clerigos de esta villa asista con el a pedir limosna para su biage y Peregrinacion*”⁴⁰.

Na segunda metade do século XVIII o hospital contaba con 37 sabas, seis delas de lienzo e o resto de *estopilla*, tamén tiñan oito camisas de refrescar aos enfermos, unha

35 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 48.

36 Arquivo Municipal de Ribadeo. Libro de Contas do hospital S. Sebastián, fol. 161 r.

37 *Sinodos mindonienses dos séculos XVI e XVII*. Bibliofilia de Galicia. Vol. 17. Santiago, 2001, p. 144.

38 Arquivo Municipal de Ribadeo. Libro de Contas do hospital S. Sebastián. Fols. 254 r a 260 r.

39 Arquivo Municipal de Ribadeo. Libro de Contas do hospital S. Sebastián. Fols. 263 r a 267 v.

40 A.D.M.. Ribadeo. Libro de mandatos nº 1. 1701-1834, fol. 28 r.

colcha e unha ola de ferro, “un barreño, también de hierro, para dar sangrías; 28 camas de madera, una jeringa vieja”⁴¹. Grazas ás respostas dadas no Catastro do marqués de la Ensenada (1753) sabemos que en Ribadeo “no hay mas Hospital que el de San Sevastian sito junto al campo de San Francisco y calle nombrada de el Hospital, que sirve para el ospedage de peregrinos y su curazion”⁴². Empregamos a mesma documentación para ver como era a casa do hospital: “Una casa que sirve de hospital sita en la calle de el mismo nombre tiene 24 varas de frente y 13 de fondo es de un alto con sus vodegas, cocina y mas oficinas para el servicio de los pobres linda por la derecha con el campo de San Francisco de esta villa y por la Yzquierda con casa de Doña Josefá Miranda vecina de la feligresía de San Juan de Piñeira. Una huerta contigua a dicha casa hace tres quartillos de centeno de sembradura plantada de hortaliza es de la 2ª clase de el termino de su especie esta murada y su figura es la del margen. Una casa sita en la plaza de esta villa tiene cinco varas de frente y 23 de fondo es de dos altos con su vodega tienda y mas oficinas linda por la derecha con casa de Don Carlos Azevedo y por la yzquierda con suelos de casa de Don Geronimo Miranda, y se regula su alquiler en 100 reales de vellon al año los mismos, que por arriendo paga en cada uno Don Joseph Dominguez de Mera su habitador”⁴³.

O ano de 1766 é un momento de cambios pois os hospitais de Ribadeo, de San Sebastián e de San Lázaro, fusionaranse nun mesmo centro benéfico, o que significará a morte do segundo, que desaparece fisicamente e as rendas que xeraban as propiedades que posuían pasan ao de San Sebastián, que segue mantendo as mesmas funcións. Así vemos como nese ano de 1766 o comandante das tropas destacadas no castelo de San Damián recorre ao Capitán Xeneral para que se poidan aloxar no hospital de San Sebastián os soldados enfermos. A isto oponse o Concello pois coida que “no era de fundación Real, sino particular para los pobres peregrinos transeuntes y enfermos, a quienes se les daba 10 cuartos diarios, siendo patronos el ayuntamiento y párroco y protectores el Obispo y Provisor”⁴⁴.

Don Xosé Antonio Campoamor será facultado no ano 1803 polo Concello para “reparar los hospitales y proveer al de San Sebastián de ropas, camas y demás efectos necesarios, para lo cual y por entonces y de los fondos de la Obra Pía le librarón 10.000 reales, acordando nombrar hospitalero y hospitalera, cada uno con dos reales diarios y casa, y formar constituciones para el gobierno de dichos hospitales”⁴⁵.

A mediados do século XIX os patróns optan por “enajenar el edificio del hospital de San Sebastián porque sólo recibía la cantidad de 1269 reales al año, con los que no se puede reparar y por que está en lo más céntrico del pueblo, empleando su producto en otro más adecuado”⁴⁶.

41 Lanza Álvarez, Francisco: *Ribadeo antiguo*. Sada, 2001, p. 153.

42 A.H.P.L. Catastro Ensenada. Ribadeo. Mazo 10846.01. Interrogatorio.

43 A.H.P.L. Catastro Ensenada. Ribadeo. Mazo 10846.03. Real de Eclesiásticos.

44 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 172.

45 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 215.

46 Menéndez San Julián. *Apuntes sobre Ribadeo*. En *Las Riberas del Eo*. Ribadeo.1929, p. 270.

REPARTO MENSUAL DE RACIÓNS CON POBRES

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xun.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
1698	29	6	26	30	217	421	317	220	125	110	53	82
1699	126	57	156	167	198	--	217	168	132	61	51	--
Xub. 1700	40	45	45	84	115	100	44	21	11	13	6	26
1701	49	42	49	27	42	28	8	12	34	9	8	1
1702	42	8	31	30	43	32	9	8	2	7	16	4
1703	27	0	17	43	8	0	28	2	0	0	5	0
1705	10	2	80	48	17	3	0	0	0	25	0	0
Xub. 1706	32	21	14	44	23	9	8	2	9	3	0	6

2.- Hospital de San Sebastián. San Martiño de Mondoñedo. (Foz)

Aldea Vaquero, no seu dicionario de historia eclesiástica, aborda o tema da rede hospitalaria no bispado mindoniense afirmando que *“en la Edad Media existía dentro de la diócesis, un amplia red hospitalaria, con centros asistenciales en Ribadeo, San Martín, Arante, Mondoñedo, Vivero y El Ferrol del Caudillo”*⁴⁷.

Que dous hospitais, como son o de Ribadeo e o de San Martiño, posúan idéntica advocación non nos pode facer pensar que comparten unha mesma época de nacemento. Pero, tendo en conta que San Sebastián é substituído, como terapeuta principal, por San Roque a fins do século XV, podemos coloca-lo nacemento do hospital de San Martiño con anterioridade a ese momento de fins do XV, feito que viría confirmado coa primeira noticia documental relativa ao hospital, que data do ano 1531 e na cal vemos un centro benéfico funcionando dende había tempo.

¿Existía un hospital en San Martiño cando se atopaba alí a sé episcopal (864-1117)?

O primeiro concilio de Maguncia (847) deixaba ben ás claras que nos mosteiros e sé episcopais debería haber sempre un hospital. Tendo en conta isto deberíamos pensar que a sé mindoniense tivo un hospital antes do seu traslado a Vilamaior, actual Mondoñedo, no ano 1117. Sería lóxico pensar que o hospital continuou existindo despois do traslado pois en ningún momento San Martiño foi abandonado. Tras deixar de ser sé episcopal converteuse en mosteiro, posteriormente en priorado e actualmente en parroquia. Máis non será ata o 22 de febreiro de 1531 cando vexamos a primeira das referencias documentais relativas ao hospital. Trátase do testamento de Vasco López de Moscoso no que podemos ler *“ytem mando poner en el ospital de Sant Martino de mondonedo para el cuydado de los pobres y enfermos una cama de ropa que balga*

47 Aldea Vaquero, Q.: *Diccionario de Historia Eclesiástica*. Vol. 3. Madrid. 1972, p. 1718.

*quinientos maravedis. Ytem mando al ospital de San Sebastian de Ribadeo dos reales et para el reparo del ospital de mondedo cien maravedis*⁴⁸.

Nove anos despois, no apeo de bens de San Martiño do ano 1540, atopamos varias referencias a este hospital. Así sabemos que o hospital estaba moi próximo ao mosteiro, en concreto nunha edificación que existe detrás das ábsidas da igrexa de San Martiño. O mosteiro posuía un forno que limitaba *“en la Rúa e en el Ospital de sant martino e en la casa que agora bibe Pero de Lelle*⁴⁹, é dicir, que o hospital se atopaba no núcleo urbano de San Martiño, xusto fronte a unha Rúa, a mesma que enlaza co Camiño Francés que cruzaba a poboación.

Grazas á documentación existente podemos ver que o hospital existía xa en 1531, que experimenta os seus anos gloriosos na segunda metade do XVII e primeira do XVIII, a partires da cal empeza unha época de desgoberno e mala praxe por parte dos mordomos que minguarán as rendas existentes. A retirada por parte do bispo Aguiar y Caamaño de 1000 reais dunhas arcas xa moi mermadas, así como a mala xestión dos mordomos, serán a causa da desaparición deste hospital no período 1848–1853.

Actualmente consérvanse os libros de fábrica do hospital dende os anos 1647 ata 1853. Grazas a esta documentación e a outra transversal podemos coñecer-la súa historia.

Trátase dun hospital dependente da parroquia e dirixido, en primeiro lugar, polos cóngos de San Martiño e posteriormente polo cura párroco, sempre baixo a inspección e control do bispo. Será este o encargado de visitalo e comprobar que as contas se tomen correctamente. Na documentación non hai referencia a unha persoa ou familia como fundadores, todo apunta a que se debe a unha fundación veciñal. Varias veces se aborda este tema, a primeira vez é nunha visita pastoral do 27 de xuño de 1754, na que se informa da existencia dun hospital *“para peregrinos con la adboccion de San Sebastian”*, ao cal hai que nutrir de roupa *“y todo lo necesario para el buen fin del fundador*⁵⁰, supuxo o visitador a existencia dun fundador, que ben puideron ser varios, como veremos cando, en 1755 o bispo Riomol y Quiroga, pregunte sobre a época de fundación do hospital e lle respondan os veciños que *“ante todas las cosas que se cite la fundacion del Hospital quando por mas diligencias que se han hecho ni se descubrio ni ai notizia y solamente consta por tradicion antigua que algunas personas piadosas del vecindario y muchos a su exemplo se esforzaban a establecer dicho hospital y que poco a poco se consiguio su devocion juntando de limosna y otras mandas pias el fondo que oy tiene y que debe servir a los fines que inspire la mayor necesidad de los causantes primero que a peregrinos y bagamundos siendo cierto que desearian y tendrian gran gusto en descubrir la fundazion*⁵¹. No ano 1857, o Prior Salvador Pardo Romero intenta dar resposta sobre a orixe e fundadores do hospital e di *“su fundación se ignora absolutamente; y aunque es cierto que existía en el año 1646,*

48 A.C.M. Documentos Soltos. Armario 3, estante 4, Mazo 3 n° 10 – 1.

49 A.C.M. Apeo de bens de San Martiño. 1540. Armario 3, Mazo n° 13. Fol. 41 v.

50 A.D.M. Libro de visitas Pastorais. Ano 1754. Fol. 139 r.

51 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Libro Fábrica Hospital. II. 1688-1852. Fol. 71 v.

*según se dice en el libro antiguo, también lo es, que este supone otro libro de mayor antigüedad; y como este hubiese desaparecido, de aquí resulta que la fecha de su fundacion yace embuelta en la obscuridad del tiempo: infierese no obstante que debe ser mui antigua puesto que en el citado libro en sus primeras ojas se hace relacion de los vienes raices, de algunos censos, de la ropa y mas alhajas del servicio del hospital*⁵². Tamén fala dos fundadores, para el estaba claro que foran “los vecinos del priorato, impulsados de la caridad”, aínda que na marxe da páxina anota o seguinte “*hai quien dice que fue fundado por Ramon Sánchez Moreno, antepasado de los condes de Fontao*”.

En tódolos os hospitais deste trazado viario comprobamos que os beneficiarios desta axuda son sempre o mesmo tipo de persoas: pobres, tanto da parroquia como foráneos, pasaxeiros ou camiñantes e peregrinos.

A aparición de referencias a peregrinos nos libros de fábrica do hospital, xa dende 1650, deixa ben claro a súa vinculación ao mundo xacobeo.

Aparte da aparición numerable de peregrinos temos outros documentos que recollen esta presenza continuada, como é o Catastro do marqués de la Ensenada, que na contestación á pregunta 30 pódese ler: “*en esta feligresia hai un hospital con la advocacion de San Sebastian para dar posada a los peregrinos*”⁵³. No apartado deste Catastro destinado a Eclesiásticos, dise que a casa do hospital a rexentaba “*como hospitalera Josepha Blanco para hospedar los peregrinos*”⁵⁴.

Na visita pastoral de 1755 o bispo Riomol y Quiroga é informado de que nas contas hai partidas destinadas a socorrer pobres do Priorado nas súas casas, observa que isto vai “*en contravencion de la fundazion piadosa voluntad de quien la hizo y aplico los efectos para ospedaje de peregrinos y asistencia de los pobres enfermos que concurriesen a la Cassa y Hospital a curarse*”⁵⁵, feito polo cal e tendo en conta que o número de peregrinos se reducira, ordena “*que por ahora y hasta que otra cosa sea ordenada pueda dicho Prior atender con algunas limosnas a los pobres enfermos de esta feligresia y Priorato reservando siempre algun caudal para el Hospedaje de peregrinos... expresando en la data la limosna con que contribuiere a cada uno de dichos pobres enfermos y peregrinos*”.

O mesmo bispo, na visita xirada o día 12 de xuño do ano 1757 constata a dedicación xacobeá do hospital “*haviendo su Ilustrisima reconocido personalmente el Hospital, que para dar posada de Peregrinos, se halla junto a la yglesia*”⁵⁶.

Tal vez o mellor resumo do que foi o hospital de San Martiño de Mondoñedo nolo da o prior don Salvador Pardo Romero no ano 1857 “*La inversión del producto de los vienes raices y censos del hospital, que en los años de su mayor aumento no excedía de cuatrocientos a quinientos reales, según se advierte en los citados libros, se hacia en socorrer a los pobres menesterosos, en sostener la casa hospital, una hospitalera, dos, cuatro y hasta seis camas con ropas*”.

52 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Libro de Fábrica do Hospital. III. Fol. 2 r.

53 A.H.P.L. Catastro de Ensenada. S. Martiño Mondoñedo. Mazo. 10794/01.

54 A.H.P.L. Catastro de Ensenada. S. Martiño Mondoñedo. Leg. 10794/03. Fol 81.

55 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Libro de Fábrica do Hospital. II. Fol. 79.

56 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Libro mandatos. 1701/61. fol. 89 r.

*ordinarias de mantas de burriel o de lana del pais, de sabanas de estopilla o lienzo grueso, en paja y leña que se compraba para hospedar a los pobres y peregrinos que de varias partes concurrían a visitar el Santo Apostol Santiago, en asistirlos en sus enfermedades, en hacerle una funcion de entierro a los que fallecian, según alcanzaban los fondos y por ultimo en sostener la capilla y celebrar con visperas la funcion del patrono San Sebastian*⁵⁷.

O derradeiro dato do hospital, vinculado ao mundo da peregrinación, data do ano 1867, e trátase dun inventario de fundacións existentes na parroquia de San Martiño de Mondoñedo. No apartado de capelas e fundacións pías anotan a existencia dun hospital para “*dar hospedage a pobres y peregrinos y a los que falescieran una funcion de entierro con el Prior y el capellan*”⁵⁸.

O hospital ofertaba unha asistencia espiritual e sanitaria. A primeira levábaa cabo o Prior que era quen confesaba e axudaba a ben morrer aos peregrinos. Cando estes falecían o hospital amortallábaos e soterrábaos dentro da igrexa, en concreto na nave esquerda segundo se entra, tal e como aparece en varias partidas de defunción ou como testemuña o presbítero do Real Priorado, don Xoán Bautista García Padriñán. No seu testamento (21/09/1762) manda que o seu corpo “*sea sepultado dentro de la yglesia deste Priorato en la nave de los pobres peregrinos del hospital, junto al altar del Santo Cristo*”⁵⁹.

Aparte da axuda a ben morrer, do enterramento e honras fúnebres, o pobre ou peregrino tiña outro tipo de asistencia como era cama, comida e lume, ademais de contar cos servizos dun cirurxián, que realizaba sangrías ou administraba os medicamentos necesarios para o coidado dos enfermos. Nas contas do hospital fanse varias referencias a gastos realizados en botica, sangrías e medicinas.

3.- Hospital de San Andrés. Lieiro, Cervo

O historiador viveirense don Juan Donapetry afirma que este hospital fora fundado polo cura da parroquia don Andrés Varela no ano 1641 “*con el objeto de hospedar peregrinos pobres, por tres días*”⁶⁰. No testamento de don Andrés Varela, dado o 13 xaneiro de 1641 ante o escribán Mateo Vermúdez y Saavedra, ordénase “*enterrar mis carnes pecadoras en una sepultura que tengo en la capilla del hospital que tengo fundada fuera en el lugar das figueiras en el puerto de San Ciprian... y sean enterradas mis carnes dentro de la dicha capilla que se dice hospital de San Andres y de la caridad y se cubra mi sepultura con una piedra*”⁶¹. O 23 de febreiro de 1664 morre María López, “*hospitalera vecina de las figueyras feligresia de Lieyro pobre de solemnidad*”⁶².

57 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Libro de Fábrica do hospital. III.. Fol.8 v e 9 r.

58 A.D.M. MONDOÑEDO, S. Martiño. Documentación varia. 1867. Sen foliar.

59 A.H.P.L. PROTOCOLOS. Pedreira Ron y Lanzós, Xosé. Leg. o8136.03. Fol.2 v.

60 Donapetry, Juan: *Vivero y su concejo*. Lugo, 1991, p. 19.

61 A.D.M.Causas civís. LIEIRO, Santa María de. 1666. Fol. 6.

62 A.D.M. LIEIRO, Santa María de. Libro de defunciones nº 1. Fol 81.

O 17 de decembro do ano 1753 contestaban os veciños de Lieiro ao interrogatorio do Marqués de Ensenada da seguinte maneira: “*Ai un hospital su adboacion San Andres que fundo el Vachiller don Andres Varela cura que ha sido de esta feligresia que sirve para pasaxeros y peregrinos en que dejo dispuestas seis camas y para su renta y manutencion tiene los reditos de quatrocientos ducados de principal*”⁶³.

O bispo don Carlos Riomol y Quiroga realiza unha visita pastoral á parroquia de Lieiro o 5 de xullo do ano 1754, solicita unha relación de tódalas capelas e o cura párroco, don Pedro de Candia, contesta que hai varias e que unha é “*la capilla y hospital de San Andres en el lugar de figueyras no sé la renta y la obligacion que tiene. Es patron de esta obra pia Francisco Barela vecino de San Adriano del valle de Lorenzana*”⁶⁴.

Rematamos coa contestación que o cura párroco dá, en 1782, a un interrogatorio sobre capelas e fundacións pías, remitido polo bispo Cuadrillero y Mota: “*la primera es un hospital para pobres peregrinos, en que debe haver tres camas, provista cada una de paja, dos mantas y una sabana y otra mas distinguida con xargon, dos mantas castellanas, una colcha, y dos almoadas para ospedar pobres eclesiasticos viageros*”⁶⁵.

Trala consulta pormenorizada do libro de fábrica deste hospital (1649/1823) comprobamos que tan so existe unha referencia a peregrinos, que data do ano 1652, onde se anota un gasto de 130 reais “*De salarios de la moça de dicho hospital que gasto de leña y luz para alumbrarse los peregrinos*”⁶⁶.

4.- Celeiro de Viveiro. Hospital de Santa Ana

Para o historiador Donapetry a capela de Santa Ana, que hoxe podemos ver en Celeiro de Viveiro, “*perteneció al antiguo hospital de peregrinos, destinado a proporcionar albergue a los que se dirigían a visitar el sepulcro del Apóstol Santiago y a curar a los enfermos, su fundación se atribuye a los hermanos Juan y Gregorio Pardo, vecinos de esta parroquia, quienes fueron sus primeros patronos y después recayó el patronato en el obispo de Mondoñedo*”⁶⁷. Gregorio Pardo mantivo un ruidoso e prolongado preito, a principios do século XVI, co bispado de Mondoñedo, sobre unha incorporación monetaria que seu pai fixera ao hospital de Santa Ana “*movido con zelo de caridad siendo como era patron verdadero solo e ynsolidum del prestamo e simple beneficio...yncorporase perpetuamente al dicho ospital para sus reparos y necesidades y sustentacion de los pobres enfermos que a el viniesen*”⁶⁸. Rematará cunha concordia firmada o 28 de maio de 1542.

63 A.H.P.L. Catastro Ensenada. Lieiro, Santa María. Mazo 10727.01.

64 A.D.M. LIEIRO, Santa María de. Libro de visitas pastorais. 1754.

65 A.D.M. LIEIRO. Documentación parroquial. 1782, fol. 1 v. Transcrición íntegra do documento en Fernández Pacios, Juan: *Poboación e igrexa no bispado de Mondoñedo en 1782*. Estudos Mindonienses, nº 23, Salamanca, 2005, p. 905.

66 Libro de fábrica do hospital de San Andrés de Lieiro, 1649 -1823, fol 29 v. Fotocopias cedidas por un particular.

67 Donapetry, Juan. *Vivero y su concejo*. Lugo, 1991, p. 48.

68 A.C.M. CELEIRO. Hospital. Armario 5, estante 2, mazo 10, nº 47, fol. 3.

A segunda referencia documental deste hospital data de 1585, nese ano o consistorio viveirense, tendo en conta a pouca capacidade de cada un dos hospitais existentes na cidade, decide unifica-los nun só edificio con maior capacidade. Non hai problema cos pequenos hospitais existentes na vila de Viveiro, pero si cando intentan incorporar as rendas do hospital de Celeiro. Son moi aclaratorias as palabras do rexedor de Viveiro Xoán Fernández Cid, o día primeiro de agosto de 1585 *“diciendo que la dicha villa era puerto y que a ella concurrían muchos pobres neçesitados y que dentro della avia un espital que dezían del señor Santiago, donde se recogían los pobres neçesitados y dentro della se hazía mucha hospitalidad y limosna. Y de presente la dicha villa hazía el dicho hospital de nuevo, añadiendole, por ser pequeño y no caber en el los pobres. En lo qual gastarían mas de mill ducados. Y esto se hazía de limosnas y obras pias por no tener el dicho ospital renta ninguna. Y era anssy que a media legua de la dicha villa donde dizen Cillero que estava otro hospital que tendria de renta en cada un año mas de çinquenta ducados y en el no se hazía ninguna hospitalidad y la dicha renta se gastava y consumía entre los mayordomos y otras personas a cuyo cargo estava el dicho hospital. El qual se podria unir al hospital de la dicha villa”*⁶⁹. Non se corresponde a realidade co que afirma o rexedor viveirense xa que se consultamos os libros de fábrica que se conservaron deste hospital (1679-1769) vemos como si se leva a cabo hospitalidade tanto con pobres como con peregrinos.

Segundo a visita pastoral de 1613, xirada polo bispo don Afonso Mesía de Tovar, o hospital contaba con *“siete leytos de palo viexos, cinco çoçaras con su pluma, tres colchones con su lana, siete xergones con su paxa, veinte y seis savanas, las seis nuevas y las mas viexas, cuatro cabeçales con su pluma, cuatro albanfres biexos, tres cobertores blancos nuevos, quatro mantas facadas nuevas blancas, dos mantas de sayal usadas, dos calderos de cobre, la una llevara media anega y la otra es de peso de cinco libras, una sella de palo, un piche de pano de cinco quartillos, unas uchas y dosal usadas, unas cramalleiras, una arca nueva para la ropa con su cerradura... una mesa de quatro pies y un escanel viexo”*⁷⁰. Tamén estipula o señor bispo como debe realizar o seu traballo o hospitaleiro, polo que ordena que este *“reciva amorosamente y con caridad a los peregrinos que vinieren a el amparandoles y recoxiendoles en tiempo de invierno aciendoles lumbre pues en ello ace gran servicio a nuestro señor”*⁷¹.

Segundo a visita pastoral de 1682 a situación do hospital é bastante deplorable *“las camas i casa de dicho hospital y que estan mui pobres para alivio y consuelo de los pobres enfermos e peregrinos que a el concurren”*⁷².

No ano 1746 o cura párroco de Celeiro preitea contra Marcos López, crego de Burela e capelán da igrexa do hospital de Santa Ana. O tema era a posesión das chaves da capela. Resulta interesante este preito por certas afirmacións que nel se fan, como a

69 García Oro, J.: *Vivero en el siglo XVI*. Estudios mindonienses nº 5, Salamanca, 1989, p. 208. Apéndice 96. Extrac-tado do A.X. de Simancas. Rexistro do Selo, VIII - 1585.

70 A.C.M. Libro de Visitas Pastorais. Armario 3 número 41. Fol. 339.

71 A.C.M. Libro de Visitas Pastorais. Armario 3 número 41. Fol. 341.

72 A.M.V. CELEIRO. Libro de contas do hospital 1679 -1769. Fol. 16 r.

referida a “*el uso de dicha Capilla asi para los peregrinos y enfermos que se recojen en el referido hospital, como para el de los vezinos de dicho puerto y sus zercanias, pues hordinariamente concurren a oír misas que se zelebran en ella*”⁷³, algo moi semellante di Roque de Ben, veciño do porto de Celeiro, a quen “*le consta es preciso el uso de dicha capilla asi para los peregrinos enfermos quando acaeze averlos en el citado hospital desde donde se les administra el sacramento beattico como en caso de muerte, se les entierra en ella*”⁷⁴, ou tamén a de Pedro Antonio de Yllade, veciño de Celeiro, quen afirma que dende hai máis de 40 anos el lembra ver ao actual cura de Celeiro e ao seu antecesor en posesión “*de la capilla del hospital administrando en ella los pobres enfermos peregrinos y mas vecinos de dicho puerto*”⁷⁵.

Na visita pastoral do ano 1763, o bispo don Xosé Francisco Losada y Quiroga ordena, entre outras cousas que “*se de blanco por adentro a las paredes de la capilla del hospital y se haga en el una chimenea para albergue y servizio de los peregrinos y enfermos que a el acuden*”⁷⁶.

O día 17 de abril do ano 1806 o bispo de Mondoñedo, Don Andrés Aguiar y Caamaño, responde ao interventor das Reais Facendas. Nesta carta fala do hospital de Celeiro e das funcións que este cubre “*interesado yo en este hospitalillo que con su producto ademas de los peregrinos que se sustentan ahi sostiene un escuela de primeras letras tan necesaria en este puerto, mantiene la casa y da sueldo al maestro*”⁷⁷. O bispo Aguiar y Caamaño coñecía a situación deste hospital de primeira man, lembremos que xirou visita a Viveiro en 1803, por iso resulta interesante esta referencia a peregrinos que seguen acolléndose no hospital⁷⁸.

5.- Viveiro. Hospitais de Santiago e Santa María

Nas parroquias de Santiago e Santa María de Viveiro chegaron a coexistir ata seis hospitais, todos eles de escasa capacidade e que acabarán fusionándose noutro máis grande, o de Santiago, permanecendo vivo o hospital parroquial de Santa María de Viveiro e os existentes nos mosteiros de San Francisco e Santo Domingo.

A noticia máis antiga destes hospitais data do ano 1377, trátase do testamento de Inés de Paaços, quen destina cartos a favor “*del convento de San Francisco y de las iglesias, cofradías y hospitales de la misma villa*”⁷⁹. Outro testamento (1391/27/10) no que aparecen referencias aos hospitais viveirenses é o de Maior Rodríguez quen deixa “*a los hospitales y a la puente de la citada villa un maravedí a cada uno; a los malates de la Malatería un*

73 A.D.M. Causas civís. CELEIRO. Capela do hospital. 1746. Fol.2r.

74 A.D.M. Causas civís. CELEIRO. Capela do hospital. 1746. Fol. 3v.

75 A.D.M. Causas civís. CELEIRO. Capela do hospital. 1746. Fol 4v.

76 A.D.M. CELEIRO, Santiago. Libro de fábrica nº 1. 1744 – 1850. Fol. 33.

77 A.D.M. CELEIRO, Santiago de. Serie hospitais. 1806.

78 Para un mellor coñecemento do hospital de Santa Ana véxase Donapetry, Juan: *Historia de Vivero y su concejo*. Lugo. 1991, Fernández Pacios, Juan: *O Camiño de Santiago na Mariña Lucense*, Lugo, 2004 e Adrán Goás, Carlos: *El Camino de Santiago en la diócesis de Mondoñedo. El hospital de pobres y peregrinos de Santa Ana de Celeiro*, en Rudesindus, nº 1. Ourense, 2008, pxs. 71-105.

79 García Oro, J.: *Colección diplomática de Santo Domingo de Viveiro*. Estudios Mindonienses, nº 3, Salamanca, 1987, p.61.

*pan y un choupín de vino a cada uno*⁸⁰. En 1554 María Fernández do Casal, veciña de San Estevo del Val, hoxe Vicedo, lega no seu testamento “*a la puente de Vivero 5 maravedís, a los hospitales de Santa María de Vivero y Santiago 5 maravedís*”⁸¹.

No ano 1585 asistimos ao fracasado intento de anexionarse as contas do hospital de Santa Ana de Celeiro, tal e como vimos no apartado anterior. Tamén é, pola contra, o ano de unificación dos pequenos hospitais viveirenses nun novo e máis amplo centro benéfico.

Ca visita pastoral xirada o 20 de decembro de 1613 comprobamos que o mordomo do hospital era o correxedor municipal, don Rosendo Orol, e que o bispo, de igual xeito que en Celeiro, manda que “*el ospitalero no acoxa en el peregrinos onbre y muger que viniesen juntos si no es que trayan papeles vastantes de cómo son casados y belados los quales dichos papeles los presenten ante el cura de Santiago en cuya feligresia esta el dicho ospital y sin su aprovacion no los admita pena de excomunion y de dos mil maravedís*”⁸².

O día 7 de novembro de 1690 iníciase un longo preito entre o bispado e a vila de Viveiro. O prelado quería comproba-las contas do hospital e o mordomo négase a presentarlhas alegando que “*dicho ospital esta a cargo y su fundacion desde tiempo ynmemorial, de los señores justicia y regimiento de la dicha villa y como patronos del nombran mayordomo*”, sendo as súas rendas distribuídas entre “*los pobres enfermos y peregrinos que a el concurren*”⁸³.

Unha das testemuñas deste preito é Lorenzo Chousela, quen afirma que a vila de Viveiro é da súa Maxestade “*y que dentro della se alla dicho ospital con las piedras de sus reales armas en la fachada principal de canteria que corresponde a la calle publica y puerta principal de dicho ospital el qual por real fundazion a estado y esta a su real proteccion y por tal su corregidor y regimiento de dicha villa que al presente es y a sido a la continua de quarenta ciento y mas años y hes desde tiempo ynmemorial por dicho titulo y real fundacion a nombrado y nombra mayordomo que administra su bienes y sus rentas ospitalero cirujano y mas serbiera al cuydado de su asistencia y rreparo con toda puntualidad y que con ella se a admitido y ospedado y ospeda a los pobres y peligrinos con toda limpieza camas lumbre y asistencia necesaria*”⁸⁴. Este preito rematará co bispo mindoniense podendo visitar o hospital para comprobar o seu estado, pero en ningún momento poderá ter acceso ás contas, que serán revisadas polo Consistorio viveirense.

Tristemente para Viveiro non se conservou a documentación relativa ao hospital nin tampouco os libros de defunción da parroquia de Santiago xa que estes últimos foron queimados trala invasión francesa de 1809.

80 Cal Pardo, E.: *Tumbos de la Catedral de Mondoñedo*. Lugo. 2006, p.119, tamén en A.C.M. Tumbo Pechado, fol. 59 r.

81 Donapetry, Juan. *Historia de Vivero y su concejo*. Lugo. 1991, p. 81.

82 A.C.M. Visita Pastoral 1613. Fol. 342 v.

83 A.D.M. Causas civís. VIVEIRO. 1692. Mazo 41. Fol. 3 r.

84 A.D.M. Causas civís. VIVEIRO. 1692. Mazo 41. Fol. 28 r.

No Catastro do marqués de la Ensenada, á pregunta número 30 contestan o seguinte “*en esta villa y sus arrabales ai dos hospitales. Uno de ellos de pobres de todo jenero, asi naturales como transeuntes que ignoran si su fundacion es real o particular por carezer de notizias y no tener presente si en el archivo del ayuntamiento de esta villa ai o no papeles... y consisten las rentas de dicho Ospital en diversas partidas de frutos y dinero que percive que todo ello aszendera un año con otro a dos mil duzientos y cinquenta reales por cuya quenta paga cada un año ciento treinta y dos reales a don Gregorio Sanchez capellan de dicho hospital. Sesenta reales de medico zirujano que asiste a los enfermos; noventa y nueve reales al cura de dicha parrochia de Santiago por la asistencia de los santos sacramentos. Duzientos reales a su mayordomo Thomas Paz. Quarenta y quatro reales al hospitalero que corre con la asistencia de los pobres y al presente es un padre Barbon de nazion francesa. Setenta y dos reales de gasto de leña y su conduzion. Doce reales de gasto de paja para las camas de los enfermos. Diez y ocho reles que percive el convento de San Francisco por una fundazion pia. Treinta y seis reales al escribano que autoriza las quantas de dicho hospital. Diez y ocho reales al oficial que escribe y quinze reales al ordinario eclesiastico por la visita de dichas quantas y ademas de ello tiene la obligacion de asistir a los enfermos con el mantenimiento necesario. El otro hospital hes de pobres de San Lazaro que tan poco saben si su fundacion es real o particular y su renta consiste en duzientos cinquenta y ocho reales y veinte maravedís anualmente*”⁸⁵.

Na visita pastoral do ano 1754 lemos que en Viveiro hai “*un hospital, en la villa, para pobres y peregrinos, tiene libro de quantas*”, posteriormente fala do hospital de San Lázaro, para ao final afirmar que “*estos dos hospitales corren a cargo del correxidior que toma sus quantas y percive el producto de sus vienes... pero de poco tiempo a esta parte se introdujo el tomar las quantas en legajos separados con el pretexto de ser en contra de las ordenes de Su Majestad tomarlas en papel blanco, mandaronse poner en el libro testimonio integral de todas ellas*”⁸⁶, descoñecemos se chegaron a realizar este traslado de contas.

Un derradeiro documento que nos fala do hospital de Viveiro é a acta da visita pastoral xirada, o 4 de xuño de 1891, polo bispo D. Manuel Fernández de Castro, na que se nos di que “*hay también en Vivero un pequeño hospital, que acaban de encargarse la hermanas de la Caridad. Estando yo allá se trasladó desde Santiago (de Viveiro) al Hospital el Santísimo Sacramento, que llevé yo mismo en procesión solemne*”⁸⁷. En concreto estaban a cargo deste hospital tres irmás da Caridade ás cales o Concello pagaba 40 reais mensuais, en concepto de alimentación, calzado, combustible para a cociña e pasado do ferro, pero este hospital non está xa vinculado ao mundo das peregrinacións xacobeanas senón que simplemente é un centro benéfico.

85 A.H.P.L Catastro Ensenada. Viveiro, Sta Mª e Santiago. Mazo 10722.01.

86 A.C.M. Visitas pastorais. Ano 1754.

87 Cal Pardo, E.: *Episcopologio mindoniense*, Salamanca, 2003, p. 1026.

Os peregrinos

Como xa explicamos en apartados anteriores agora debemos demostrar o paso continuado de peregrinos por este Camiño do Mar, de nada serviría apuntar a presenza aillada dun ou dous peregrinos nun so punto do camiño, o que hai de confirmar é o paso, a estadía continuada de peregrinos ao longo de todo o camiño. Coidamos ter este apartado resolto ca presenza de 232 peregrinos entre principios do século XVI e fins do século XVIII (ver apéndices documentais). Antes de estudar este tema debemos explicar cal foi o proceso de cuantificación empregado. Consultamos a documentación dos hospitais de Ribadeo, San Martiño de Mondoñedo, Lieiro e Celeiro de Viveiro, os demais non conservaron os seus libros de fábrica. Ademais disto realizamos un baleirado dos libros de defunción das parroquias polas que pasa o Camiño do Mar. Cando nun libro de defunción aparecía anotada a morte dun peregrino nosoutros anotábamnos un, sabendo que podía vir acompañado. Cando existía referencia a que viña acompañado, pero non se menciona o número de acompañantes anotábamnos a cantidade de dous, e se o cura párroco anotaba “*segun me dijeron los que le acompañaban*”, nosoutros anotábamnos tres peregrinos, o falecido e dous, número mínimo de plural, como acompañantes.

Tendo en conta todo isto podemos pensar que o número de peregrinos atopados, 236, ben podería multiplicarse por cinco, co que estaríamos a falar dun número aproximado de mil peregrinos. Outros investigadores, como é o caso de Adrán Goás, calculan un número de 170 peregrinos atendidos no hospital de Santa Ana de Celeiro entre os anos 1679 e 1769, débese esta elevada cifra a un proceso cuantificador distinto ao que nos empregamos⁸⁸.

Do total de peregrinos, 236, un 56.03% son de procedencia descoñecida, un 18.10% franceses, 7.32% alemáns, 5.60% italianos, 5.60% españois, 3.87% flamencos, 0.86% moros e 0.43% polacos, suízos, irlandeses, malteños, armenios e checos.

No tocante ás parroquias onde aparecen referencias a peregrinos destaca San Martiño de Mondoñedo cun total de 123 peregrinos, dos cales 105 son de procedencia descoñecida, esta parroquia é seguida pola de Ribadeo na que localizamos 56 peregrinos, Celeiro de Viveiro ten 23 referencias, Cedeira presenta 8 peregrinos, Ortigueira e Fazouro 4, tres peregrinos aparecen en Lieiro, dous en Vicedo, San Clodio e Covas e o resto das parroquias presenta tan só unha única referencia a peregrinos tal e como vemos en San Miguel de Reinante, Foz, Nois, Burela, Xove e Santa María de Viveiro.

88 Adrán Goás, Carlos: *El Camino de Santiago en la Diócesis de Mondoñedo. El hospital de pobres y peregrinos de Santa Ana de Celeiro*. Rudesindus, nº 1. Ourense, 2008, pxs. 71 a 105.

Conclusiones

Despois de todo o que levamos visto ao longo do traballo queda patente a existencia dun camiño físico, que na documentación aparece como Camiño Francés, entorno ao cal, aparte de viaxeiros, comerciantes e transeúntes, vemos o paso continuado de peregrinos. Somos conscientes de que un camiño que aparece co apelativo de “francés” no século XVI non significa que sexa un camiño estritamente de peregrinación, máis ben trátase dun Camiño Real. Lembremos que os camiños do rei eran o dobre de anchos que os demais, estaban máis controlados e vixiados, feito que fai viable a posibilidade de que os peregrinos o elixisen fronte a outros. Tampouco a existencia dunha rede hospitalaria é sinónimo de que esta estivese dedicada tan só ao coidado dos peregrinos. Pero a existencia dun camiño físico, que toca a tódolos portos do litoral lucense e coruñés, sendo como eran os portos os lugares tanto de chegada como de partida dos peregrinos, e que entorno a ese camiño exista unha rede hospitalaria na cal se acollen peregrinos fainos pensar que por este trazado viario, bautizado como Camiño do Mar, transitaron peregrinos tanto cara a Santiago, probablemente visitando o santuario de San Andrés de Teixido previamente, como de volta de visitalo apóstolo Santiago.

A existencia de referencias a peregrinos ao longo deste camiño que propoñemos así coma que no Catastro de Ensenada os hospitais englobados no Camiño do Mar aparezan todos destinados ao coidado de pobres, viaxeiros e peregrinos, e que o bispo de Mondoñedo, visitando o hospital de Celeiro diga que nel se asisten, no ano 1803, a peregrinos fainos pensar que o movemento xacobeo nesta zona tivo bastante maior importancia do que ata agora se pensaba.


Realmente a xénese do Camiño do Mar prodúcese en Ribadeo onde os peregrinos optan por seguir o camiño ata Lourenzá e Mondoñedo ou por continuar pola costa, tal e como viñeron facendo no territorio asturiano. Independentemente da elección que tomen en ningún momento abandonan o Camiño Norte, xa que, ao noso entender, o Camiño do Mar é unha bifurcación costeira do Camiño Norte.

Fecha de recepción / date of reception / data de recepción: 01-11-2010

Fecha de aceptación / date of acceptance / data de aceptación: 18-01-2011

Apéndices documentais

TRAZADO DO CAMIÑO DO MAR DENDE RIBADEO ATA NEDA



RELACIÓN DE PEREGRINOS QUE PASARON POLO CAMIÑO DO MAR. 1502-1803

DATA	NOME	PAÍS	LUGAR	REFERENCIA	Nº
1492	Mártiz, bispo	Armenia		Ribadeo	1
1502	Lalaing, Antonio	Francia	Montigny	Ribadeo	4
1538	Fontana, Bartolomé	Italia		Ribadeo	1
1564	Dous moros, conversos	España	Andalucía	Ribadeo	2
1591	Un peregrino enfermo	Descoñecida		Ribadeo	1
1605	Sobieski, Jacobo	Polonia		Ribadeo	1
1622, 30 abril	Un peregrino	Francia	Gascuña	Burela	1
1629	Un peregrino francés	Francia		Foz	1
1632, 9 setembro	Gómez, Inés	España	Tabeyo	Xubia	1
1639	Dous peregrinos	Descoñecida		Ribadeo	2
1650	Dous peregrinos.	Descoñecida		San Martiño	2
1653	Dous pobres estranxeiros	Descoñecida		San Martiño	2
1654	Gunzinger, Christoph	Alemania		Ribadeo	1
1654	Un peregrino enfermo	Descoñecida		San Martiño	1
1654	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1656	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1658	Varios peregrinos	Descoñecida		San Martiño	10

DATA	NOME	PAÍS	LUGAR	REFERENCIA	Nº
1659, 15 abril	Gari, Juan	Francia		Ortigueira	3
1665	Varios peregrinos	Descoñecida		San Martiño	10
1670	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1673	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1682	Moitos peregrinos	Descoñecida		San Martiño	20
1685, 4 marzo	Crog, Pedro de	Francia		San Martiño	1
1685, 23 xuño	Gay, Miguel	Francia	Narbona	Cangas. Foz	1
1687	Dolan, donaldo	Italia	Salerno	Ribadeo	1
1688	Moitos peregrinos	Descoñecida		San Martiño	20
1691	Mellan, Gabriel	Francia	Saboya	Ribadeo	1
1692	Un sacerdote peregrino	Descoñecida		Celeiro	1
1696, febreiro	Garson, Carlos.	Flandes		Ribadeo	1
1696, agosto	Garlin, Pedro	Italia		Ribadeo	1
1697, xaneiro	Heyron, Angel	Flandes		Ribadeo	1
1698	Gate, Sebastian	Italia	Sicilia. Sacerdote	Ribadeo	1
1698	Gaviarde, Francisco	Italia	Sicilia. Sacerdote	Ribadeo	1
1698	Varios peregrinos	Descoñecida		Celeiro	5
1698, 10 xullo	Croque, Gonzalo de	Francia		San Martiño	1
1698, 29 outubro	Rau, Francisco	Francia	Lyon	Fazouro. Foz	2
1699, 16 abril	Bourllie, Antonio	Francia	Carmause. Mujiense	Cangas. Foz	1
1700	Moitos peregrinos	Descoñecida		San Martiño	20
1701	Varios pobres y romeros	Descoñecida		Celeiro	1
1704	Algúns peregrinos	Descoñecida		Celeiro	5
1708	Algúns peregrinos	Descoñecida		Celeiro	5
1710, 15 marzo	Clodio	Bélxica	Gante	Fazouro. Foz	2
1711, 24 maio	Unha peregrina viscaína	España	Viscaia	San Clodio	1
1714, 18 setembro	Chavalier, Jorge	Francia		San Martiño	1
1714, 18 novembro	Chavalier, Gorge	Francia		San Martiño	1
1715, 27 outubro	González, Pedro	Italia		Covas	1
1722	Un peregrino			Celeiro	1
1726	Vaudry, Antonio	Francia		Ribadeo	1
1726	Delaplace, Antoine	Francia		Ribadeo	1
1726	Hermand, Jean	Francia		Ribadeo	1
1726	Manier, Guillermo	Francia		Ribadeo	1
1728	Varios peregrinos	Alemaña		Cedeira	5
1728, 23 agosto	Lauxer, Juan	Francia	Besan. Agatesse	Ribadeo	1
1729, 3 febreiro	Le Fevre, Guillermo	Flandes	Bruxelas	Covas	1
1729, 23 abril	Carpintter, Juan	Francia	Picardia	Cedeira	1
1729, 6 novembro	Roca Pelaire, Joseph	España	Alcover. Tarragona	Vicedo	1
1729, 6 novembro	Clauce, Marcos	España	Alcover. Tarragona	Vicedo	1
1730, 27 abril	Testel, Juan	Francia	Tiesac. Auvernia	Ribadeo	1
1733, 28 xaneiro	Hervi, Guillermo Joseph	Flandes	Ariense. Artesia	Ribadeo	2
1733, 20 abril	Choch, Adolfo	Alemania	Sieber	San Martiño	1

DATA	NOME	PAÍS	LUGAR	REFERENCIA	Nº
1733, 6 xuño	Jacobe	Francia		Nois	1
1735	Un peregrino enfermo			Celeiro	1
1736	Enfermos estranxeiros	Descoñecida		Celeiro	3
1738, 7 febreiro	Cueva, Andrés	España	Aldito.	San Clodio	1
1738, 5 marzo	Alos, Antonio	España	Vayporta. Valencia	Ribadeo	1
1738, 24 decembro	Lorenzo Mansín, Carlos	Italia	Roma	Ribadeo	1
1738, 28 decembro	Hierro, Pedro Agustín	Italia	Génova	Lieiro	1
1739	Peregrinos.	Descoñecida		San Martiño	5
1739, 5 febreiro	Santiago	Alemaña		Lieiro	1
1739, 13 marzo	Laiheiche, Guillermo	Francia		S. Miguel Reinante	1
1739, 19 xuño	Ruil, Pedro	Francia		Lieiro	1
1739, 24 decembro	Mansín, Carlos Lorenzo	Italia	Roma, cidade	Ribadeo	1
1742, 28 febreiro	Rodríguez, Catalina	Alemania		San Martiño	2
1742, 2 abril	Ros, Antonio	Italia	Sicilia	Ribadeo	1
1743	Magdalena, Margarita	Alemania	Marn	Ribadeo	1
1743	Resner, Vicente	Alemania	Marn	Ribadeo	1
1749, 17 xullo	Cruz, Pedro da	Francia	Saint Front Neully	Ribadeo	1
1751, 11 febreiro	Conrado, Gaspar	Alemania		San Martiño	1
1751, 11 febreiro	Fregel, Margarita	Alemania		San Martiño	1
1751, 12 marzo	Joand, Juan Claudio	Francia	Limonais. Lyon	Ribadeo	1
1751, 17 marzo	Auben Gallu, Juan	Francia	Bayona	Ribadeo	1
1751, 22 marzo	Iglesia, María de la	España	Salamanca	San Martiño	1
1751, 22 marzo	Gaspar, Conrado	España	Salamanca	San Martiño	1
1751, 2 outubro	Cubeles, Nicolás de	España	S. Felipe. Zaragoza	Ribadeo	1
1752, 31 maio	Budín, Simón	Francia	Rulen. Duman	Ribadeo	2
1757	Peregrino	Irlanda		San Martiño	1
1757	Peregrina	Flandes		San Martiño	1
1759	Pobre estranxeiro	Descoñecida		San Martiño	1
1759, 12 febreiro	Pompeyo Paz y Cilio, Juan	Malta		San Martiño	1
1760	Un pobre estranxeiro	Flandes		Celeiro	1
1760, 24 febreiro	Zesbi, Juan Baptista	Italia	Génova	Ribadeo	1
1761	Pobre estranxeiro	Descoñecida		San Martiño	1
1761, 7 decembro	Moureau, Esteban	Francia	Montovar	San Martiño	1
1761, 22 maio	Guerra, Jorge	Italia	Venecia	Ribadeo	2
1763	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1764	Dous peregrinos	Descoñecida		San Martiño	2
1764, 4 febreiro	Testa, Ignacio	Italia	Nápoles	Ribadeo	1
1764, 10 abril	Kyni, Fidelio	Suíza	Basilea	Ribadeo	1
1764, 4 xuño	Bat, Pedro de la	Francia	Bastida de Clerencia	Ribadeo	1
1764, 24 decembro	Rossi, Antonio	Francia		San Martiño	1
1765, 9 agosto	Gaziepuy, Juan	Francia	Marignac. Guienne	Ribadeo	1
1765. 10 xaneiro	Liechetendhi, Juan Jacobo	Alemania		Xove	1
1765, 23 febreiro	Valdés Menéndez, Fernando	España	Cangas de Tineo	Ribadeo	1

DATA	NOME	PAÍS	LUGAR	REFERENCIA	Nº
1765, 25 febreiro	Valter, Joseph	Alemania		Ribadeo	2
1765, 19 maio	Baptista, Juan	Francia	Lyon	Ribadeo	1
1765, 23 maio	Basset, Jacobo	Francia	S. Jacob. París	Ribadeo	1
1765, 8 xuño	Rios, Pedro	España	Barcelona	Ribadeo	1
1765, 19 xuño	Lafont, Santiago	Francia	S. Flour. Oveagne	Ribadeo	1
1765, 13 xullo	Sáenz Ruiz, Juan	España	Pipahona. Calahorra	Ribadeo	1
1775, 14 marzo	Mouchet, Francisco	Francia		Viveiro	1
1768, 23 setembro	Bertran	Francia	Bourdeaux	Cedeira	1
1768, 28 setembro	Tiseka, Juan Jorge	Rep. Checa	Bohemia	Cedeira	1
1782	Un peregrino	Descoñecida		San Martiño	1
1791, 14 abril	Fromager, Floro	Francia		Ortigueira	1
1792. 3 agosto	Du Ror, Luisa	Francia		Ribadeo	1
1804, 21 outubro	Granda, Xosé da	España	Asturias. Gozón	San Martiño	2
				TOTAL	236

	Desconocida	Francia	Italia	Moros	Polonia	Alemaña	Flandes	España	Suíza	Irlanda	Malta	Armenia	Rep. Checa	Total
Ribadeo	3	22	12	2	1	5	4	5	1			1		56
S.M. Reinante		1												1
S.M. Mondoñedo	105	6				5	1	4		1	1			123
Foz		1												1
Fazouro		2					2							4
Nois		1												1
Cangas		2												2
Burela		1												1
Lieiro		1	1			1								3
Xove						1								1
Celeiro	22						1							23
Sta. M ^a Viveiro		1												1
Covas			1				1							2
Vicedo								2						2
San Clodio								2						2
Ortigueira		4												4
Cedeira		2				5							1	8
Xubia								1						1
TOTAIS	130	44	14	2	1	17	9	14	1	1	1	1	1	236